



Desde o ano 2010 os traballadores do ensino concertado vimos como o noso salario mingou en máis dun 12% debido aos recortes efectuados polos gobernos centrais e autonómicos,

En 2012 recortóusenos o salario nun 4'5%. Neste momento a Xunta de Galicia implementou dúas leis en virtude das cales se nos vai devolver o 2'26%, manifestando ademais a súa intención de introducir nos orzamentos autonómicos as disposicións necesarias para o aboamento nos primeiros meses de 2016 das cantidades equivalentes ao 2'24% restante. Desta forma a Consellería tería devolto o 4'5% recortado no ano 2012.

Debemos lembrar á Consellería e á opinión pública en xeral que aos traballadores do ensino concertado **non se nos recortou unha paga extra**, é dicir, non se nos fixo un recorte puntual, senón que **o recorte salarial do 4'5% mantívose desde o 2012 ata hoxe**, o que supón a minoración dunha cantidade mínima de **3.500/'64€** ou **4.098'64€** segundo a etapa educativa . Pero ademais este recorte **acumúlase ao 5% xa recortado no 2011** e ao incumprimento pola Administración en 2010 dun acordo autonómico que supuña 45€ mensuais por xornda completa e a revalorización do complemento retributivo autonómico nun 2%.

Ademais disto cabe destacar que somos a ÚNICA comunidade autónoma na que nin se está a aboar a paga extraordinaria de antigüidade na empresa nin existe un acordo para o aboamento, que está a ser bloqueado pola Administración a pesar de ser un concepto salarial recollido no convenio.

Tampouco, desde o ano 2009 existe ningún acordo de mantemento de emprego que permita a recolocación dos traballadores cando se perde o concerto dalgunha unidade.

Por todo isto, esiximos ao Goberno autonómico:

1. A devolución da parte do noso salario recortado e a RESTAURACIÓN do salario que percibiamos en 2010.
2. Un novo Acordo de Mantemento de Emprego.
3. Un Acordo para o aboamento da paga de antigüidade na empresa

Para conseguir todo isto, necesitamos o teu apoio, asina!

Polo noso salario, polos nosos dereitos!